



## FORTES – AS CLASIFICADORAS DO BERBÉS

### A importancia do traballo ao chegar a porto

A colla de peixe abarca as tarefas de descarga e clasificación. No ano 1994, créase a Sociedade Cooperativa «COTRASVI» con 112 persoas socias, das cales 19 son mulleres. Todos e todas proceden do antigo Rexistro Especial do INEM de traballadores portuarios e da Organización de Traballo Portuarios (O. T. P.). Desde sempre, os barcos descargan e as clasificadoras seleccionan e separan o peixe por especie e tamaños, un traballo esencial, duro e que require rapidez e destreza.

**Eugenia Conde, “Geni”**, naceu en Vigo en 1958. Dedicase á colla desde hai vinte anos. Seu pai e seu irmán tamén traballaban na estiba no Porto de Vigo. Na actualidade segue activa e ten de compañeiras as súas sobriñas. Recoñece que o traballo é duro pero que ten as súas cousas boas, como un horario que lle permite levar o seu neto ao colexio. Explica que a súa xornada depende da hora en que estea prevista a descarga de peixe fresco do barcos que chegan do caladoiro do Gran Sol.

**Ana Conde e Paula Conde** son irmás. Ana naceu en Vigo, en 1977. Paula naceu en Cangas en 1973. O pai e mais o avó tamén traballaban na estiba; son sobriñas de Geni. O oficio de clasificadoras aprendérono da súa tía, da que aínda seguen sendo compañeiras. O mellor do seu traballo é o horario de noite, porque lles queda todo o día por diante. O que peor levan son as condicións de frío e ter que levantar pesos; pero toman a chacota as caídas por esvaróns e cando xogan a tirarse xeo. Gústalles comer o peixe pero non cocinálo.

**Dolores Villar e Dolores Couso, as “Lolis”**, son nai e filla e ambas traballadoras socias de COTRASVI. Loli Villar, xa xubilada, naceu en Vigo en 1954. Súa filla naceu tamén en Vigo, no 1978, e xa leva case dezoito anos no sector.

Loli Villar comezou como clasificadora cando tiña 33 anos, acompañando a súa cuñada, que xa traballaba na colla (na antiga O. T. P.), cando necesitaban xente puntualmente. Conta que o sistema de traballo cambiou moito; agora, por exemplo, hai mesas fixas, antes facían elas as estruturas que lles servían de apoio. Ten feito a estiba a bordo porque gañaba o mesmo que os homes. Nunha época, os homes facíanas traballar a bordo; e chegou a manexar caixas de madeira, que pesaban moitísimo cando se enchoupaban de auga, rompían e caía o peixe. Lembra que foi moi feliz traballando, porque o compaxinaba moi ben co labor da casa e o coidado das súas catro fillas. Xubilouse hai catro anos e recoñece, entre sorrisos, que aínda bo é que está xubilada porque moito máis non ía aguantar. Agora, cando pasa pola redonda do Berbés, dille adeus coa man ao edificio da lonxa onde tantos anos traballou.

A súa filla, Loli Couso, empezou como clasificadora acompañando a súa nai e forma parte das mulleres socias de COTRASVI. Lembra ir de pequena coa nai e co pai ao Berbés para ver que barcos había no porto e se tiñan que traballar ese día. Os domingos son os días máis duros de traballo porque é cando máis barcos hai e ás veces teñen que dobrar quendas. Como todas as demais, considera que o máis duro é o manexo de pesos e o frío. Gústalle moitísimo o seu traballo, e “cando o colles con humor e con bos compañeiros e boas compañeiras, lévase mellor”.

**Consuelo Pazos, "Chelo",** naceu en Vigo en 1958, no barrio do Berbés. Súa nai traballaba na colla e seu pai era mariñeiro. Comezou aos 22 anos, xa casada e con fillos. Traballou coa nai e coas súas compañeiras. Lembra que antes a carga de traballo era maior porque o peixe viña a granel e había que separar as especies por tamaños: "agora xa do barco veñen as especies máis clasificadas". Cando viñan mulleres novas, ela sempre procuraba ensinarlles as diferenzas e a importancia de facer ben o traballo. Hai tres anos que se xubilou. Cre que agora hai moitísimos menos barcos. Lembra a crise do gasóleo que obrigou a despezar, e que agora vén moito en camión. A raíz dos problemas que había coa O. T. P. e os traballos eventuais, as traballadoras e traballadores crearon a cooperativa COTRASVI, e chegaron a facer unha acampada no porto: "non tiñamos outra cousa, tiñamos que defender os nosos dereitos". Foi compañeira de Loli moitos anos e esforzáronse por que a cooperativa funcionase. Comezaron gañando 45.000 pesetas. Lembra a ilusión que lle fixo a súa primeira nómina mensual. Conta que antes traballaba ao xornal e parecíalle que lle rendía menos. A Chelo chamábanlle Heidi porque se lle poñían coloretes, e tamén a Presidenta, polo seu carácter forte e reivindicativo.

**Susana González, "Susi",** naceu en Vigo en 1975. Leva uns tres anos traballando como clasificadora. Concorde coas súas compañeiras en que o mellor do traballo é o horario, aínda que ao primeiro custoulle adaptarse a el. Di que, coma en todo, pouco a pouco aprendes do que ves e do que che ensinan as compañeiras.

Lembran momentos moi duros, nos que o seu traballo perigou. Resaltan a importancia do compañeirismo e coñecer moi ben o peixe. Na actualidade hai menos traballo pero máis esixencia canto aos tamaños e os pesos do peixe.



#incansables #loitadoras #traballadoras #amables  
#humildes #compañeiras #fortes #esenciais

**FUNDAMAR**  
Fundación para la Pesca y el Marisqueo

**DEPUTACIÓN**  
**PONTEVEDRA**